Ademais, e seguindo a premisa da economía circular de "converter os residuos en recursos", antes clasifícaranse os materiais susceptibles de ser reciclados – como metais ou plásticos-, que serán remitidos á industria da reciclaxe.

Esta instalación forma parte do proceso de ampliación da infraestrutura industrial de Sogama, un proceso de mellora no que se están a investir da orde de 32 millóns de euros.

Editorial

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...

José A. Mouriño Raño
Director de Cáritas Diocesana de Santiago

David Barrio Álvarez
Director de Reciclado de ASPAPEL

Mundo SOGAMA

Sogama presenta a súa Memoria de Sostibilidade 2015

Actualidade

O Penal de Monterroso edita un libro sobre a súa actividade ambiental

Máis autocompostaxe en Cedeira, Vilagarcía e Redondela

Mellora da planta de transferencia de Becerreá

Novo sitio web sobre reciclaxe
oportunidadesparareciclar.gal

Curso de formación en liña para os concellos galegos

AEVERSU valorizou só en 2015 máis de 2,5 millóns de toneladas de residuos

Multimedia

Eventos

Receitario ecolóxico

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

O Penal de Monterroso edita un libro sobre a súa actividade ambiental

O título da publicación é “El Huerto Ecológico”

“El Huerto Ecológico” é o título do libro publicado polo Centro Penitenciario de Monterroso (Lugo) para dar a coñecer a actividade dos internos no ámbito medioambiental, e máis concretamente na xestión sostible dos residuos. Con este traballo, o Penal eríxese en todo un exemplo a seguir, xa que, nun contexto difícil e con múltiples limitacións como é unha prisión, afrontou con valentía, dedicación, esforzo e entusiasmo o máis importante reto ao que debe enfrontarse o ser humano cada día: a súa reciclaxe.

A presentación oficial da publicación, que tivo lugar o pasado 7 de outubro, estivo arroupada polo Tenente Alcalde de Monterroso, Miguel Rico, que cualificou o labor do Centro Penitenciario como “un oasis no medio do deserto, un espazo de vida, unha bocanada de aire puro”.

Pola súa banda, o Presidente de Sogama, Javier Domínguez, quixo destacar a gran receptividade do Penal en torno ás políticas de educación ambiental, así como o seu rigor na aplicación das mesmas, a súa gran xenerosidade e, sobre todo, a súa gran empatía para facer as cousas ben.

Na súa quenda de palabra, o Director do Centro Penitenciario de Monterroso (Lugo), Antonio Rivera, precisou que unha das metas do centro é a reeducación e sinalou que o libro é só “unha pequena mostra do que estamos a facer”. Pedro Cantero, Director do Centro de Adultos da institución, e encargado de pechar a quenda de intervencións, agradeceu a implicación do profesorado e de internos de todas as relixións e culturas, considerando que, con este traballo, “achegamos valores”.



Imaxe correspondente ao acto oficial de presentación do libro na Casa Consistorial de Monterroso

Editorial

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...

José A. Mouríño Rañó
Director de Cáritas Diocesana de Santiago

David Barrio Álvarez
Director de Reciclado de ASPAPEL

Mundo SOGAMA

Sogama presenta a súa Memoria de Sostibilidade 2015

Actualidade

Comeza a construción da nova planta de compostaxe

Máis autocompostaxe en Cedeira, Vilagarcía e Redondela

Mellora da planta de transferencia de Becerreá

Novo sitio web sobre reciclaxe
oportunidadesparareciclar.gal

Curso de formación en liña para os concellos galegos

AEVERSU valorizou só en 2015 máis de 2,5 millóns de toneladas de residuos

Multimedia

Eventos

Receitario ecolóxico

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade



Un dos cursos de formación sobre autocompostaxe impartidos en Cedeira e Vilagarcía en semanas pasadas

O programa de autocompostaxe, tamén en Cedeira, Vilagarcía e amplíase en Redondela

Xa son máis de 6.000 os composteiros repartidos por Sogama

O programa de compostaxe doméstica de Sogama segue sumando entidades adheridas. No terceiro trimestre do ano, implantouse en Cedeira (A Coruña), Vilagarcía de Arousa e ampliouse en Redondela (Pontevedra). A día de hoxe, e tras varios anos en vigor, o programa conta xa 204 entidades adheridas, das cales 136 son concellos (46% dos galegos), 58 son centros educativos e 10 colectivos sociais.

Entre os mesmos, a compañía repartiu máis de 6.000 composteiros e o seu obxectivo, dado o éxito desta iniciativa, é ampliar a súa difusión para que cada vez sexan máis os cidadáns, tanto do ámbito rural como semirural, os que se sumen a un proxecto que xa ten demostrado o seu éxito e que, ademais, supón un mag-

nífico complemento á actividade industrial de Sogama.

Imprescindible xardín ou horta

Os propietarios das vivendas unifamiliares participantes, todas con xardín ou horta, ou ambos, participaron nun proceso de formación previa, contando co apoio de diverso material didáctico e divulgativo. Nos próximos meses, persoal ao servizo dos concellos será o encargado de facer un seguimento desta experiencia para obter un compost de alta calidade e que poida ser aplicado na agricultura con garantías e sen restricións.

Na páxina web www.compostaconsogama.gal pode consultarse toda a información sobre o programa de autocompostaxe promovido por Sogama.

Editorial

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...

José A. Mouríño Rañó
Director de Cáritas Diocesana de Santiago

David Barrio Álvarez
Director de Reciclado de ASPAPEL

Mundo SOGAMA

Sogama presenta a súa Memoria de Sostibilidade 2015

Actualidade

Comeza a construción da nova planta de compostaxe

O Penal de Monterroso edita un libro sobre a súa actividade ambiental

Mellora da planta de transferencia de Becerreá

Novo sitio web sobre reciclaxe oportunidadesparareciclar.gal

Curso de formación en liña para os concellos galegos

AEVERSU valorizou só en 2015 máis de 2,5 millóns de toneladas de residuos

Multimedia

Eventos

Receitario ecolóxico

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Mellora da planta de transferencia de Becerreá

Sogama investirá máis de 211.000€ na remodelación desta nave

Sogama vai optimizar o funcionamento industrial da microplanta de transferencia de Becerreá (Lugo) para mellorar as súas prestacións aos seis municipios limítrofes que fan uso da mesma: Becerreá, Cervantes, A Fonsagrada, Navia de Suarna, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro. A nave contará con novos dispositivos técnicos, ademais de novas redes para a recollida e tratamento de augas pluviais e residuais.

A mediados de novembro, a compañía sacou a concurso público, por un importe de 175.000 euros + IVE, a obra correspondente á remodelación da infraestrutura.

Nodo loxístico fundamental

As plantas de transferencia cumpren unha función loxística esencial no mo-

delo Sogama, xa que permiten transvasar os residuos procedentes dos contedores de recollida domiciliaria a outros de maior capacidade, aptos para ser transportados a longa distancia (por ferrocarril ou estrada) ata as instalacións de Cerceda.

A día de hoxe, hai un total de 37 plantas de transferencia distribuídas polo territorio galego, das cales 20 están baixo a titularidade de Sogama.

Grazas á incorporación da terminal de tren de Lugo, a entidade conseguiu que, co novo contrato de transporte combinado, ao redor do 45% dos refugallo que xestiona se transporten por tren, prevendo chegar ao 55% dentro de dous anos.

Editorial

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...

José A. Mourño Raño
Director de Cáritas Diocesana de Santiago

David Barrio Álvarez
Director de Reciclado de ASPAPEL

Mundo SOGAMA

Sogama presenta a súa Memoria de Sostibilidade 2015

Actualidade

Comeza a construción da nova planta de compostaxe

O Penal de Monterroso edita un libro sobre a súa actividade ambiental

Máis autocompostaxe en Cedeira, Vilagarcía e Redondela

Novo sitio web sobre reciclaxe oportunidadesparareciclar.gal

Curso de formación en liña para os concellos galegos

AEVERSU valorizou só en 2015 máis de 2,5 millóns de toneladas de residuos


Multimedia

Eventos

Receitario ecolóxico

[Volver á páxina de inicio](#)

Como funciona unha planta de transferencia tipo?



SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade



A web ten unha clara vocación informativa e formativa

A campaña autonómica da reciclaxe lanza o seu propio sitio web

Toda a información sobre o sistema de recollida selectiva galego está dispoñible en www.oportunidadesparareciclar.gal

A campaña itinerante "Oportunidades Galicia. Separemos ben, reciclaremos mellor", en vigor desde o pasado mes de agosto, e que se atopa percorrendo rúas, centros escolares, competicións deportivas, centros comerciais e asociacións, entre outros escenarios, dá o salto ao mundo 2.0. A través de www.oportunidadesparareciclar.gal, os cidadáns poden obter toda a información sobre o sistema de recollida selectiva implantado en Galicia e os seus beneficios.

Os eixes centrais deste sitio web, que igual que a súa versión *offline* ten unha clara vocación informativa e formativa, son as boas prácticas para un consumo responsable e a aplicación efectiva do principio dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), inci-

dindo na correcta separación de residuos en orixe.

A través deste espazo, accesible para calquera cidadán en calquera momento do día, ponse a disposición dos internautas diferentes recursos didácticos e divulgativos co fin de que poidan mellorar a súa cualificación na materia e accedan ao calendario de eventos a levar a cabo en distintos puntos da comunidade.

A campaña, impulsada pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio baixo o lema "Oportunidades Galicia. Separemos ben, reciclaremos mellor", conta co apoio e colaboración de Ecoembes e Sogama, ademais da participación de diversos Sistemas Integrados de Xestión de Residuos.

Editorial

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...

José A. Mouriño Rañó
Director de Cáritas Diocesana de Santiago

David Barrio Álvarez
Director de Reciclado de ASPAPEL

Mundo SOGAMA

Sogama presenta a súa Memoria de Sostibilidade 2015

Actualidade

Comeza a construción da nova planta de compostaxe

O Penal de Monterroso edita un libro sobre a súa actividade ambiental

Máis autocompostaxe en Cedeira, Vilagarcía e Redondela

Mellora da planta de transferencia de Becerreá

Curso de formación en liña para os concellos galegos

AEVERSU valorizou só en 2015 máis de 2,5 millóns de toneladas de residuos

Multimedia

Eventos

Receitario ecolóxico

SUBIR

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Novo curso de formación en liña para o persoal dos concellos galegos

O obxectivo é que os representantes municipais tomen as súas propias medidas fronte á elevada xeración de residuos

Sogama está a piques de concluir un novo curso de formación en liña destinado ao persoal dos concellos adscritos ao seu modelo. Baixo o título "Cara a sustentabilidade na xestión do lixo doméstico", a entidade pública pretende que os representantes municipais tomen conciencia da problemática que representa a elevada xeración de residuos urbanos e que articulen as medidas necesarias para facer fronte á mesma.

Cunha duración de 30 horas lectivas, o curso, que dou comezo o 19 de outubro,

estase a impartir a través da plataforma de educación ambiental de Sogama, www.cadernoverde.com. Ademais de acceso directo ao temario, dous titores atenden as necesidades dos alumnos, resolvendo as súas dúbidas e guiándoos no proceso de aprendizaxe.

Unha vez concluída a actividade formativa, os que así o soliciten, terán a oportunidade de visitaro complexo medioambiental de Cerceda para coñecer de preto o seu funcionamento.



A formación *online* é un sistema de ensinanza moi versátil para a formación de adultos

Editorial

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...

José A. Mouriño Rañó
Director de Cáritas Diocesana de Santiago

David Barrio Álvarez
Director de Reciclado de ASPAPEL

Mundo SOGAMA

Sogama presenta a súa Memoria de Sustentabilidade 2015

Actualidade

Comeza a construción da nova planta de compostaxe

O Penal de Monterroso edita un libro sobre a súa actividade ambiental

Máis autocompostaxe en Cedeira, Vilagarcía e Redondela

Mellora da planta de transferencia de Becerreá

Novo sitio web sobre reciclaxe oportunidadesparareciclar.gal

AEVERSU valorizou só en 2015 máis de 2,5 millóns de toneladas de residuos

Multimedia

Eventos

Receitario ecolóxico

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade



Sala de control dunha planta de valorización enerxética

AEVERSU valorizou o pasado ano máis de 2,5 millóns de toneladas de residuos

A cifra equivale ao consumo de 450.000 vivendas

As 11 plantas integradas en AEVERSU, a Asociación Española de Empresas de Valorización Enerxética de Residuos Urbanos (www.aeversu.org), trataron o pasado ano máis de 2.500.000 toneladas de residuos urbanos, logrando unha produción enerxética da orde de 1.600.000 MWh, cifra equivalente ao consumo de 450.000 vivendas. Así o deu a coñecer o Presidente desta organización, Rafael Guinea Mairlot, nunha das súas últimas comparecencias públicas, asegurando que son precisamente estas instalacións as que producen a enerxía da economía circular.

En repetidas ocasións, o representante desta entidade lamentou que a xestión do lixo no noso país siga pivotando en torno ao vertedoiro, cun 55% depositado no mesmo, e que os niveis de recupera-

ción material e enerxética non superen o 33 e o 12% respectivamente. Precisamente, avanzar cara o vertido cero, máxima esixencia da economía circular, constitúe, neste contexto, o principal obxectivo da valorización enerxética.

Guinea Mairlot, a tenor da mala prensa da valorización enerxética, recordou que este tipo de plantas soportan un estrito control ambiental derivado da rigorosa lexislación aplicable, moito máis esixente que a que rexe para outras infraestruturas industriais.

AEVERSU aglutina ás plantas de Tirme, nas Illas Baleares; Zabalgarbí, no País Vasco; Trargisa, Mataró, Sirusa e Tera, en Cataluña; Remesa, en Melilla; Tircantabria, en Cantabria; Tirmadrid, en Madrid; Sogama, en Galicia; e Ctrasa, en Andorra.

Editorial

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...

José A. Mouriño Raño
Director de Cáritas Diocesana de Santiago

David Barrio Álvarez
Director de Reciclado de ASPAPEL

Mundo SOGAMA

Sogama presenta a súa Memoria de Sostibilidade 2015

Actualidade

Comeza a construción da nova planta de compostaxe

O Penal de Monterroso edita un libro sobre a súa actividade ambiental

Máis autocompostaxe en Cedeira, Vilagarcía e Redondela

Mellora da planta de transferencia de Becerreá

Novo sitio web sobre reciclaxe oportunidadesparareciclar.gal

Curso de formación en liña para os concellos galegos

Multimedia

Eventos

Recetario ecolóxico

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Multimedia

Planeta Verde: Mantén limpas as praias! Tamén en inverno



Brrrr! Parece que vai un pouco de frío para pensar en mergullarse no mar e axudar á familia Trebón a limpar os fondos do lixo que a xente tira sen control. Pero, hai unha alternativa!

Pola túa conta, acompañado da túa familia, ou xunto con algunha asociación como [Coge3](#), coa que ten colaborado Sogama, podes axudar a limpar o litoral mariño. Se das un relaxante paseo por algunha das espectaculares praias de Galicia e ves papeis, latas ou botes tirados, non o dubides! Cólleos e tíraos ao contedor de recollida selectiva máis próximo! Estarás axudando ao medio ambiente e a que a fauna mariña teña a súa "casa" limpa.

[Ver o capítulo de Planeta Verde](#)

"Alixo de esperanza" en vídeo



Una das particularidades da obra "Alixo de esperanza", gañadora do primeiro premio no concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte", son as luces que a autora, Esperanza González, incorporou ao cadro. Ademais de imprimir unha dose de realidade a esta cidade de edificios xigantes feitos todos con material de refugallo, a iluminación achega á obra un efecto 3D, como nos contaba a autora nunha [entrevista no pasado número da Newsletter](#) de Sogama.

A canción que acompaña a peza é "Sons urbanos", de Suso Janeiro González.



[Mira aquí o vídeo da obra "Alixo de Esperanza"](#)

SUBIR

Editorial

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...

José A. Mouriño Rañó
Director de Cáritas Diocesana
de Santiago

David Barrio Álvarez
Director de Reciclado de ASPAPEL

Mundo SOGAMA

Sogama presenta a súa Memoria de Sostibilidade 2015

Actualidade

Comeza a construción da nova planta de compostaxe

O Penal de Monterroso edita un libro sobre a súa actividade ambiental

Máis autocompostaxe en Cedeira, Vilagarcía e Redondela

Mellora da planta de transferencia de Becerreá

Novo sitio web sobre reciclaxe [oportunitadesparareciclar.gal](#)

Curso de formación en liña para os concellos galegos

AEVERSU valorizou só en 2015 máis de 2,5 millóns de toneladas de residuos

Eventos

Receitario ecolóxico

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Novo ecoconto no Caderno Verde



A plataforma educativa de Sogama www.cadernoverde.com estreou contidos para o curso académico 2016-2017. O videoconto "De acampada", da serie "Planeta Verde" e protagonizada pola familia extrarrestre dos Trebón, inaugurou a nova tempada deste espazo pedagóxico na que se presenta o medio ambiente como un elemento transversal na formación académica dos escolares galegos.

Ademais dos ecocontos, os alumnos de Infantil e Primaria (1º, 2º e 3º ciclo) poden atopar nesta web fichas didácticas para reforzar os seus coñecementos en Matemáticas, Lingua Galega, Lingua Castelá, Coñecemento do Medio, Inglés e Educación Artística dunha forma entreteida e divertida, tendo sempre como referente o coidado e a protección do contorno.

Caderno Verde tamén quere ser un punto de referencia para pais e profesores ofrecéndolles distintos recursos didácticos para a casa e as aulas.

Editorial

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...

José A. Mouriño Rañó
Director de Cáritas Diocesana de Santiago

David Barrio Álvarez
Director de Reciclado de ASPAPEL

Mundo SOGAMA

Sogama presenta a súa Memoria de Sostibilidade 2015

Actualidade

Comeza a construción da nova planta de compostaxe

O Penal de Monterroso edita un libro sobre a súa actividade ambiental

Máis autocompostaxe en Cedeira, Vilagarcía e Redondela

Mellora da planta de transferencia de Becerreá

Novo sitio web sobre reciclaxe oportunidadesparareciclar.gal

Curso de formación en liña para os concellos galegos

AEVERSU valorizou só en 2015 máis de 2,5 millóns de toneladas de residuos

Eventos

Recetario ecolóxico

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Eventos

Curso de saúde ambiental

O Presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, participou o pasado 16 de novembro, en Caldas de Reis (Pontevedra), no VII Congreso Galego de Medio Ambiente e Saúde, enmarcado no Programa Galego de Municipios Saudables e Sostibles 2000-2020. Foi precisamente o director do programa, o Prof. Dr. Francisco Peña Castiñeira, quen lle entregou a medalla que o recoñece como activo colaborador desta iniciativa itinerante.

No marco do seu relatorio, que tiña por título "Sogama, abrindo novos horizontes cara a economía circular", Domínguez Lino explicoulle aos asistentes as



liñas estratéxicas do novo modelo de desenvolvemento de Sogama, marcado pola economía circular. Esta folla de ruta configurará a plataforma sobre a que a empresa pública asentará o seu futuro e desenvolverá as súas actuacións para que Galicia poida avanzar con paso firme cara a sostibilidade.

Xornada CRETUS e REGATA



Isidro García, Director Xeral de Sogama, presentou a actividade e o itinerario da empresa pública na xornada "Axenda de Innovación das Empresas Ambientais". A cita, que tivo lugar o pasado 13 de ou-

tubro no Centro de Estudos Avanzados de Santiago de Compostela, enmárcase nas actividades que veñen desenvolvendo a [Agrupación Estratéxica CRETUS](#), así como a [Rede REGATA](#), coordinadas ambas polo Prof. Dr. Juan M. Lema Rodicio.

O obxectivo deste encontro foi establecer posibles vías de colaboración no ámbito da innovación entre distintas firmas do sector ambiental, tanto no tratamento de augas e emisións, como no de residuos e solos.

Editorial

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...

José A. Mouriño Rañó
Director de Cáritas Diocesana de Santiago

David Barrio Álvarez
Director de Reciclado de ASPAPEL

Mundo SOGAMA

Sogama presenta a súa Memoria de Sostibilidade 2015

Actualidade

Comeza a construción da nova planta de compostaxe

O Penal de Monterroso edita un libro sobre a súa actividade ambiental

Máis autocompostaxe en Cedeira, Vilagarcía e Redondela

Mellora da planta de transferencia de Becerreá

Novo sitio web sobre reciclaxe oportunidadesparareciclar.gal

Curso de formación en liña para os concellos galegos

AEVERSU valorizou só en 2015 máis de 2,5 millóns de toneladas de residuos

Multimedia

Receitario ecolóxico

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Showcookingos sostibles nas prazas de abastos



Catro mercados de abastos acolleron entre o 19 e o 27 de novembro catro talleres de showcooking para ensinarlle aos consumidores a reducir os desperdicios alimentarios. Esta actuación enmarcouse na Semana Europea da Prevención de Residuos, á que se sumou a campaña "[Oportunidades Galicia: Separemos ben, reciclaremos mellor](#)", que promove a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio co obxectivo de formar á poboación na xestión sostible dos residuos urbanos.

Héctor López, un dos mellores chefs de Galicia, protagonizou estes obra-

doiros prácticos nas prazas de abastos das cidades de Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago, deleitando ao público coa elaboración de receitas con sobras de comida.

O cociñeiro tamén instruíu aos presentes na correcta separación dos envases e outros residuos e posterior depósito dos mesmos nos contedores de cores. A actividade complementouse cunha carpa informativa para instruír aos visitantes nas boas prácticas ambientais vinculadas aos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe).

Balance RECUWATT 2016



A cuarta edición de [RECUWATT](#), celebrada do 26 ao 28 de outubro no Tecnocampus de Mataró, saldouse con máis de medio milleiro de inscritos que, ao longo de tres intensos días de traballo, puideron gozar dun congreso único na súa modali-

dade pola súa capacidade para aglutinar todos e cada un dos aspectos vinculados á xestión sostible dos residuos, concentrando o interese de persoas procedentes de distintas comunidades e países.

Cita única

RECUWATT converteuse nunha cita única que non deixou indiferente a ningún e que ten por diante un longo camiño por percorrer cara a unha meta da que todos falan: a economía circular.

No pasado número desta Newsletter, [entrevistamos a Carles Salesa](#), director do Consorcio de Residuos del Maresme e chairman do Congreso desde 2011.

Editorial

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...

José A. Mouriño Raño
Director de Cáritas Diocesana de Santiago

David Barrio Álvarez
Director de Reciclado de ASPAPEL

Mundo SOGAMA

Sogama presenta a súa Memoria de Sostibilidade 2015

Actualidade

Comeza a construción da nova planta de compostaxe

O Penal de Monterroso edita un libro sobre a súa actividade ambiental

Máis autocompostaxe en Cedeira, Vilagarcía e Redondela

Mellora da planta de transferencia de Becerreá

Novo sitio web sobre reciclaxe
[oportunidadesparareciclar.gal](#)

Curso de formación en liña para os concellos galegos

AEVERSU valorizou só en 2015 máis de 2,5 millóns de toneladas de residuos

Multimedia

Receitario ecolóxico

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Semana Europea da Prevención de Residuos

Na VIII Semana Europea da Prevención de Residuos (EWWR), que tivo lugar entre o 19 e o 27 de novembro, moitos países do contorno comunitario desenvolveron accións de sensibilización encamiñadas cara a utilización racional e sostible dos recursos, e a redución, reutilización e reciclado dos refugalloos.

Sogama, no seu empeño por contribuír á prevención e redución de residuos, vén

executando múltiples iniciativas, podendo destacar, entre outras, a edición dun [libro de receitas de cociña "Para repañar o prato"](#) a partir de sobras de comidas, o desenvolvemento dunha campaña específica orientada á diminución de desperdicios de alimentos (www.aproveitadedoquechosobra.es), así como un ambicioso programa de compostaxe doméstico ao que se teñen adscrito máis de 200 entidades.

Entrega dos premios Aproema 2016

A Asociación Profesional de Empresas Medioambientais, [APROEMA](#), entregou o pasado 24 de novembro, en Santiago de Compostela, os seus Premios Medio Ambiente 2016. O acto estivo presidido pola Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, quen estivo acompañada polo Presidente da Asociación, Javier de la Cerda, e por representantes do concello de Santiago, a Fegamp e Ecoembes.

Na modalidade de entidades públicas, o Premio Medio Ambiente Aproema recaeu no concello de Santiago de Compostela polo proxecto "[Tropa Verde](#)". No apartado de entidades privadas, recoñeceuse o labor da Confederación Galega de Empresarios da Madeira (Confemadera Galicia) pola iniciativa "[O monte é a nosa vida](#)". Na sección de empresas, a firma [Ecoelta Galicia](#) fíxose co primeiro



posto cun proxecto orientado cara a valorización das algas das Rías Baixas como compost. O recoñecemento para centros educativos recaeu no [Colexio A Nosa Señora do Rosario](#) (Arzúa) co seu proxecto "Recíclate con Sogama".

Pola súa banda, Iniciativas Turísticas de Ons, coa iniciativa "[Eco cámping](#)", e a Autoridade Portuaria de Vigo, polo plan de crecemento azul "[Blue Growth](#)", foron distinguidas cos correspondentes accésits.

Editorial

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...

José A. Mouriño Rañó
Director de Cáritas Diocesana de Santiago

David Barrio Álvarez
Director de Reciclado de ASPAPEL

Mundo SOGAMA

Sogama presenta a súa Memoria de Sostibilidade 2015

Actualidade

Comeza a construción da nova planta de compostaxe

O Penal de Monterroso edita un libro sobre a súa actividade ambiental

Máis autocompostaxe en Cedeira, Vilagarcía e Redondela

Mellora da planta de transferencia de Becerreá

Novo sitio web sobre reciclaxe oportunidadesparareciclar.gal

Curso de formación en liña para os concellos galegos

AEVERSU valorizou só en 2015 máis de 2,5 millóns de toneladas de residuos

Multimedia

Receitario ecolóxico

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Receitario ecolóxico

Unha sobremesa para o Nadal

¿Cales son as vosas lambetadas preferidas do Nadal? ¿Turróns, polvoróns, maza-páns, bombóns recheos de coco? A nosa lectora e seguidora en Facebook, Noelia Antelo, cóntanos que lle gustan moito estes doces, pero que para completar as sobremesas dos xantares e das ceas destas datas especiais sempre ten unha sorpresa "máis saudable" para a súa familia.

Este ano optará pola famosa torta de cenoria, moi coñecida polo seu nome

en inglés *carrot cake*. Esta é unha saborosa sobremesa que se popularizou no Reino Unido durante o racionamento da II Segunda Guerra Mundial. A hortaliza foi a substituta dos endulzantes xa que contén máis azucre que calquera outra verdura a excepción da remolacha azucreira.

Xa sabedes! Se vos animades a preparar esta saborosa torta, contádeno no noso [Facebook](#) ou [Twitter!](#)



Torta de cenoria

Nivel de
dificultade: 1 2 3

CANTIDADES E INGREDIENTES:

(12 racións)

Masa

- 250 ml de aceite de oliva
- 4 ovos
- 250 g de azucre moreno
- Raiadura de laranxa
- 250 g de fariña integral ou de avea, ao gusto
- 2 culleradas pequenas de fermento
- 2 culleradas pequenas de canela moída
- 1 cullerada pequena de xenxibre
- 1 cullerada pequena de noz moscada
- 400 g de cenorias raiadas
- 50 g de noces picadas

Cobertura

- 120 g de manteiga
- 225 g de azucre glacé
- 250 g de queixo crema

ELABORACIÓN

Masa

Mentres quence o forno a 160º, preparar a masa.

- Nun bol, bater coa batedora os ovos, o azucre, a raiadura da laranxa e o aceite.
- A continuación, incorporar a cenoria raiada e as noces e mesturar a man con coidado e movementos envolventes. Incorporar a fariña e as especias.
- Untar o molde con manteiga e fariña para que a torta non se pegue ao cocer e verter a masa.
- Cocer no forno durante uns 40 minutos e comprobar se está cocida pinchando cun palillo. É importante non abrir o forno ata que transcorra, máis o menos, a metade do tempo da cocción para que a torta non baixe.

Cobertura

Cando a torta estea fría, cóbrese coa crema de queixo, que se prepara batendo a alta velocidade a manteiga co azucre. A menos velocidade, engádeso o queixo ata que colla unha textura cremosa. O ideal é unha batedora de bariñas, pero se non se ten, serve unha de brazo convencional.

Editorial

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...

José A. Mouriño Rañó
Director de Cáritas Diocesana
de Santiago

David Barrio Álvarez
Director de Reciclado de ASPAPEL

Mundo SOGAMA

Sogama presenta a súa Memoria de Sostibilidade 2015

Actualidade

Comeza a construción da nova planta de compostaxe

O Penal de Monterroso edita un libro sobre a súa actividade ambiental

Máis autocompostaxe en Cedeira, Vilagarcía e Redondela

Mellora da planta de transferencia de Becerreá

Novo sitio web sobre reciclaxe oportunidadesparareciclar.gal

Curso de formación en liña para os concellos galegos

AEVERSU valorizou só en 2015 máis de 2,5 millóns de toneladas de residuos

Multimedia

Eventos

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es

